



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E SERVICIOS URBANÍSTICOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos arts. 15 a 19 no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, de acordo co previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida por mor da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou de expedientes de que entenda esta administración municipal.

2.- Non estará suxeita a esta taxa, a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que esixa un prezo público este Concello, así como os que se expidan en virtude de oficio de xulgados ou tribunais de xustiza.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei xeral tributaria que soliciten, motiven ou redunde no seu interese, a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º.- Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, consonte o cadro de tarifas previsto no anexo I desta ordenanza, e corresponderá á tramitación completa do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Artigo 6º .- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presenta a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes que constitúen o feito imponible deste tributo.

Artigo 7 .- Liquidación e ingreso

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación mediante o impreso que se facilite nos servizos económicos deste concello.

Artigo 8.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor e será aplicable a partir da data de publicación da súa redacción definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

A taxa que se regula na presente ordenanza fiscal estrutúrase nas seguintes tarifas:

- *Por expedición de cédulas urbanísticas, informes urbanísticos e certificados relativos ó planeamento urbanístico, 60,10 €.*
- *Por licencias municipais de segregación e parcelación, 120,20 €.*
Non estarán suxeitas a Ordenanza as segregacións ou parcelacións que teñan por obxecto única e exclusivamente a dos terreos obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta.
- Por certificacións expedidas dende o Concello polo Punto de Información Catastral
 - a) Por certificacións catastrais literais, 4 € por cada documento expedido, que se incrementará en 4 € por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento.
 - b) Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou a unha parcela rústica, a contía será de 15,50 € por documento expedido.

Cando as certificacións descritivas ou gráficas incorporen, a petición do interesado, datos de outros inmobles (coma, por exemplo, lindeiros), a contía incrementárase en 4,00 € por cada inmovible .



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

c) As certificacións negativas de bens non devengarán taxa algunha.

- Aprobada polo Pleno en sesión de 26 de outubro de 2006.
- Publicada no BOP nº 244, de 22 de decembro de 2006.